

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9215 *Real decreto 633/2013, do 2 de agosto, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Mediante este real decreto modifícanse dúas normas de carácter regulamentario. Por unha banda, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e, por outra, o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.

A primeira das modificacións ten por obxectivo potenciar o mercado alternativo de renda fixa. Este mercado configúrase como un sistema multilateral de negociación creado de conformidade co previsto no título XI da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coa finalidade de facilitar o financiamento das empresas españolas a través da renda fixa. Co obxectivo de impulsar o mellor funcionamento deste mercado, este real decreto modifica o Regulamento do imposto sobre sociedades, coa finalidade de equiparar o tratamento fiscal das rendas obtidas polos investidores no mercado alternativo de renda fixa e as do réxime xeral aplicable aos mercados secundarios oficiais. Para estes efectos, suprímese a obriga de practicar retención sobre as rendas obtidas polos suxeitos pasivos do imposto sobre sociedades procedentes de activos financeiros negociados no citado mercado alternativo de renda fixa.

Por outro lado, mediante este real decreto modifícase o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, eliminando a obriga de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións da información estatística semestral dos axentes de seguros e dos corredores de reaseguro, e da información do negocio semestral dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros vinculados.

Con iso avánzase nos compromisos de redución de cargas administrativas sen minguar a necesaria información con que debe contar a autoridade supervisora para o exercicio das súas funcións, dado que a información anual que deben remitir estes profesionais é suficiente para cumprir este obxectivo.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

O ordinal 2.º) do artigo 59.q), primeiro parágrafo, do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, queda redactado como segue:

«2.º) Que se negocien nun mercado secundario oficial de valores español, ou no mercado alternativo de renda fixa, sistema multilateral de negociación creado de

conformidade co previsto no título XI da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

O Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional, queda modificado como segue:

- Un. O número 2 do artigo 6 queda suprimido.
- Dous. O número 2 do artigo 7 queda suprimido.
- Tres. O número 2 do artigo 8 queda suprimido.
- Catro. O número 2 do artigo 9 queda suprimido.
- Cinco. Os anexos III e IV quedan suprimidos.

Disposición adicional única. *Primeira información exenta de remisión.*

A modificación operada polo artigo segundo aplicarase por primeira vez á información estatístico-contable e do negocio, correspondente ao primeiro semestre de 2013.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN